



ROGO SOBRE O REPOSICION DUN PASO DE PEÓNS NA RUA DA REPÚBLICA DO SALVADOR

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, o seguinte **ROGO**:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos primeiros días do mes de novembro procedeuse, por parte da empresa concesionaria o servizo municipal de abastecemento de auga, á reparación dunha rotura na rede de sumidoiros na rúa da República do Salvador na súa confluencia coa rúa Xeneral Pardiñas.

A avaría foi de tal magnitude e complexidade que obrigou ao emprego de maquinaria pesada e a cortar durante varios días a circulación no tramo entre Xeneral Pardiñas e Doutor Teixeiro. Foi unha circunstancia excepcional e, como tal, entendemos que foi comprendida e aceptada pola cidadanía, especialmente pola veciñanza máis próxima á zona das obras.

Rematadas as obras, a empresa concesionaria acometeu o acondicionamento do firme da calzada afectado polas obras cuns traballos coa finalidade de restituír o deterioro causado na rúa.

Transcorrido máis de un mes daquela actuación de restitución resta aínda por pintar o paso de peóns no punto no que se executaron a maior parte das obras. Unha actuación que afecta á seguridade e por ese motivo debería ser urxente e prioritaria tendo en conta a densidade de tránsito de persoas e vehículos por esta céntrica zona.

Por este motivo, formúlase o seguinte **ROGO**:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno municipal se dean as instrucións precisas para que coa maior urxencia se repoña a pintura do paso de peóns afectado pola obra hidráulica levada a cabo na rúa da República do Salvador, na súa confluencia coa rúa Xeneral Pardiñas.

Santiago de Compostela, a 9 de xaneiro de 2018

Claudio Montiel Carracedo
Concelleiro do Grupo Municipal Popular